

**RESOLUCIÓN POLA QUE SE ACORDA A ADXUDICACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN NÚMERO 6/11, TRAMITADO POLO PROCEDIMENTO NEGOCIADO, DOS SERVIZOS DUN SEGURO DE ASISTENCIA SANITARIA A NIVEL NACIONAL E INTERNACIONAL**

Con data 1 de decembro de 2011, aprobáronse os pregos de condicións e de prescricións técnicas que rexeron no expediente para a contratación pola Fundación Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia (en diante, Fundación CESGA), a través do procedemento negociado, dos servizos dun seguro de asistencia sanitaria a nivel nacional e internacional, (expediente de contratación número 06/11).

Cursouse invitación a tres (3) empresas capacitadas para a prestación do servizo obxecto de contratación, en concreto a Sanitas Sociedad Anónima de Seguros, D.K.V Seguros y Reaseguros, S.A.E. e SEGURCAIXA Adeslas S.A. de Seguros y Reaseguros, concedéndolles a todas elas un prazo de catorce (14) días naturais para a presentación da súa oferta.

Rematado o prazo para a presentación de ofertas (o 15 de decembro de 2011), recibíronse no Rexistro interno da FUNDACIÓN CESGA as seguintes ofertas:

- o SEGURCAIXA Adeslas, S.A. de Seguros y Reaseguros, titular do CIF: A28011864, presentou a súa oferta o 15 de decembro.
- o DKV Seguros y Reaseguros, S.A.E., titular do CIF: A-50004209, presentou a súa oferta o 15 de decembro de 2011.

A empresa Sanitas Sociedad Anónima de Seguros, comunican por escrito que non presentan oferta.

O 16 de decembro de 2011 procedeuse á apertura do sobre A, de documentación xeral, dos licitadores, non observa ningún defecto na documentación presentada, polo que todos os licitadores foron admitidos ao proceso de licitación.

A continuación procedeuse á apertura do sobre B, (documentación relativa aos criterios cualitativos e cuantitativos), contendo as ofertas presentadas todos os documentos esixidos nos pregos, dos que resultaron as seguintes propostas económicas:

Licitador	Oferta mensual por beneficiario polo seguro de asistencia sanitaria	Oferta mensual por beneficiario polo seguro de asistencia odontolóxica	Oferta total (cota mensual por beneficiario)
ADESLAS	Trinta e sete euros (37,00 €)	Cinco euros con cincuenta céntimos (5,50 €)	Corenta e dous euros con cincuenta céntimos (42,50 €)
DKV	Trinta e oito euros con vinte e cinco euros (38,25 €)	Cinco euros con setenta e cinco céntimos (5,75 €)	Corenta e catro euros (44,00 €)

Ningunha das propostas económicas excede do prezo base de licitación nin tampouco se aprecia ningún dato que poida facer inviable a proposta formulada polos respectivos licitadores.

Trala correspondente negociación cos licitadores, procedeuse á valoración das ofertas segundo os criterios de adxudicación establecidos no prego de condicións.

Para unha mellor valoración das ofertas cualitativas, solicitouse a D. Rosa Fernández Acevedo, técnico superior de xestión e administración, a elaboración dun informe de valoración das ofertas presentadas conforme aos criterios cualitativos previstos no prego de condicións, e do que resultan as seguintes puntuacións:

Licitador	Seguro de asistencia sanitaria:				Seguro de asistencia odontolóxica:			TOTAL PUNT.
	Cadro médico (0 a 6 puntos)	Cadro de centros hospitalarios (0 a 6 puntos)	Condicións da oferta de reembolso de gastos (0 a 6 puntos)	Melloras (0 a 7,5 puntos)	Cadro médico (0 a 6 puntos)	Condicións da franquicia (0 a 6 puntos)	Melloras (0 a 7,5 puntos)	
ADESLAS	5,90	6,00	6,00	7,50	2,72	6,00	0,00	34,12
DKV	5,93	4,55	2,48	3,80	5,53	1,94	0,00	24,23

No informe técnico de valoración de ofertas cualitativas que obra no expediente de contratación, recóllense as razóns e motivos que xustifican as puntuacións recollidas no cadro anterior, os cales danse por reproducidos.

Polo que respecta ás ofertas cuantitativas, o resultado de aplicar a fórmula indicada no prego de condicións ás propostas cuantitativas (ofertas económicas) dos licitadores, é o seguinte:

Licitador	Oferta total (cota mensual por beneficiario)	Puntuación (sobre un máximo de 55 puntos)
ADESLAS	Corenta e dous euros con cincuenta céntimos (42,50 €)	55 puntos
DKV	Corenta e catro euros (44,00 €)	0 puntos

Por conseguinte, e trala valoración das ofertas presentadas polos licitadores segundo os criterios de adjudicación establecidos no prego de condicións, o resultado obtido é o seguinte:

Licitador	Puntuación dos criterios cualitativos	Puntuación dos criterios cuantitativos	Puntuación TOTAL
Segurcaixa Adeslas, S.A.	34,12	55 puntos	89,12 puntos
DKV Seguros y Reaseguros, S.A.E.,	24,23	0 puntos	20,73 puntos

Á vista das puntuacións obtidas e de conformidade coas facultades que teño conferidas en virtude dos Estatutos da FUNDACIÓN CESGA,

**ACORDO:**

**Primeiro.-** Adjudicar o contrato para un servizo de asistencia sanitaria a nivel nacional e internacional para o persoal da Fundación CESGA, á empresa SEGURCAIXA Adeslas S.A. de Seguros Generales y Reaseguros, titular do NIF A28011864, polo importe (cota mensual por beneficiario) de CORENTA E DOUS EUROS CON CINCUENTA CÉNTIMOS (42,50 €).

**Segundo.-** Comunicar aos licitadores a adjudicación do contrato e simultaneamente publicar a ditada adjudicación no perfil do contratante da páxina web da Fundación CESGA.

**Terceiro.-** A formalización do contrato non poderá efectuarse máis tarde dos quince (15) días hábiles seguintes a aquel en que se reciba a notificación de adjudicación aos licitadores.

En Santiago, a 28 de decembro de 2011,



**O Director Xerente da Fundación  
Centro Tecnológico de Supercomputación de Galicia – CESGA-  
Asdo.: D. Javier García Tobío**